

# BANDO

## AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2016/2017

Informase aos veciños e veciñas que o Concello de Pontecesures convoca as Axudas á Escolarización dirixidas ao alumnado de Educación Infantil (2º ciclo) e de Primaria e da ESO.

A Prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos que xera a dotación de libros e material escolar entre outros para o 2º ciclo de Ensino Infantil e para os gastos extraordinarios en equipamento e vestuario que xera o inicio do curso escolar para alumnado de ensino primario e secundario.

### Persoas beneficiarias e requisitos:

Escolares que cursen o 2º Ciclo de Educación Infantil, e escolares que cursen Primaria e ESO, membros de unidades familiares empadroadas e con residencia efectiva en Pontecesures, que non reciban outras axudas polo mesmo concepto e finalidade, dos que a unidade familiar non supere os límites económicos que se establecen no 110% SMI para dúas persoas, no 150% para 3, incrementado nun 15% por cada membro adicional.

Nº MUF	Máximo anual	Máximo semestre	Media mensual
2	10.090,08	5.045,04	840,84
3	13.759,20	6.879,60	1.146,60
4	15.135,12	7.567,56	1.261,26
5	16.511,04	8.255,52	1.375,92
6	17.886,96	8.943,48	1.490,58

a) Educación Infantil: Bolsa económica cunha contía individual de 90,00€ por menor.

b) Ensino primario e Secundario: Bolsa económica cunha contía individual de 70,00€ por menor

No caso de que o número de solicitudes (que cumpran os requisitos) sexa superior ó número de Bolsas previsto, concederanse aos que acaden maior puntuación na baremación das solicitudes.

### Documentación:

- Solicitud segundo modelo
- Fotocopia do DNI da persoa Solicitante e integrantes da UFC
- Xustificante do curso que realiza a/o menor
- Fotocopia do Libro de Familia
- No seu caso, Tarxetas de demanda de emprego
- Xustificación, no seu caso, do pago de aluguer ou de créditos hipotecarios de xaneiro a xuño
- Xustificantes dos ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia desde o 1/01 ao 31/06 de 2016 (nóminas, certificados de prestacións e/ou pensións, ...).

No caso de non ter ingresos presentarase o estrato de movementos das contas bancarias nas que figure dos seis

últimos meses. Declaración do IRPF 2015 ou Certificación Negativa da AEAT

Os Certificados municipais de empadramento e convivencia serán achegados de oficio polo concello. A documentación presentarase referida a todas as persoas que convivan no domicilio, con independencia de se son ou non integrantes da unidade familiar.- Certificación bancaria do número de conta IBAN

- Declaración das axudas recibidas polos mesmos conceptos, segundo modelo

### Prazo de Solicitud:

Do 1 ao 22 de xullo

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao Servizo Social Comunitario deste Concello os luns de 10:30 a 14 horas, e os martes e venres de 9 a 13:30 horas.

Pontecesures, 28 de xuño de 2016

O ALCALDE

Juán Manuel Vidal Seage

**CONCELLO DE PONTECESURES**